

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2009/31
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 16 DE MARZO DE 2009

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e dous minutos do día **16 de marzo de 2009** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodriguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D. Jesús López Penabad

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas
D. Ramón López Pérez
Dona Maria José Rodriguez Arca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez
Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario :

D. Manuel Díaz Sánchez.

Interventor acctal.:

D.José Vázquez Cupeiro.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

2009/01/12.-APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE DATA 19 DE XANEIRO E EXTRAORDINARIA DE 31 DE XANEIRO DE 2009.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondente ás sesións epigrafiadas, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2.DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NÚMERO 28/2008 DE 31 DE DECEMBRO DE 2008 Á NÚMERO 23/2009, DE 27 DE FEBREIRO DE 2009.

Pola Alcaldía-Presidencia dase a palabra aos Sres.Concelleiros que queiran intervir respecto ás referidas resolucións das que se da conta; interven en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que pregunta respecto ao Decreto 2527 de pago do 8º Campus de Baloncesto Ribadeo 2008 de 20.000 euros sobre se é do Campus de verán ou outro, pola data de decembro. Contesta o Sr.Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Deportes que se trata do campamento de verán pero que o xustificaron en decembro.

O Sr.Rivas Alvarez volta a preguntar sobre o mesmo asunto se isto é aportación municipal e o Sr.Castro Reigosa contesta que é o importe da facturación e fai referencia a que hai aportación municipal e unha parte financiada pola Deputación Provincial para actividades deportivas de mais de 2.000 euros.

O Sr.Rivas Alvarez, pregunta se ademais desa aportación da Deputación o resto o paga o Concello o que é contestado afirmativamente polo Sr.Castro Reigosa.

Asimesmo o Sr.Rivas Alvarez pregunta polo Decreto 2539 correspondente a unha factura de APPLUS – NORCONTROL de inspección de instalacións e depósito de combustible e pregunta se se puxo algún depósito de combustible para os vehículos municipais ou se é dalgún existente, ascendendo o pago a 3.004 euros.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro de Medio Ambiente, contesta que é un depósito que leva no Concello 20 anos , e que estaba sen pasar a revisión dende esas datas e houbo que pasala , xa que o esixe o EMAS porque se aumentou o alcance e que ise foi o custo da auditoría do tanque.

O Sr.Rivas Alvarez repregunta sobre a ubicación e o Sr.Cupeiro Rodríguez lle contesta que se non o sabe o Sr.Rivas , que estivo unhas anos como Concelleiro, mal se puido face-la revisión, e que o depósito está entre a Aduana e o Concello.

O Sr.Rivas Alvarez lle contesta (en relación a sí mesmo) que tampouco era responsable de facerlle a revisión ao tanque, ao que contesta o Sr.Cupeiro Rodríguez á súa vez que de facela non, pero sí de controlalo, e o Sr.Rivas Alvarez lle dí que nin deso.

Igualmente o Sr.Rivas Alvarez, pregunta polo Decreto num. 2605 de 2296, 80 euros de Servicios Gráficos “Mediastintas” de folletos e lona do Plan Sectorial Galego de Solo residencial e pregunta se é o que pagou o Concello ou a Consellería.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que efectivamente o pagou a Consellería, por un acordo entre Consellería e a FEGAMP, preguntando o Sr.Rivas Alvarez se foron os folletos que se repartiron, o que é contestado afirmativamente.

Asimesmo polo Sr.Rivas Alvarez se pregunta polo Decreto 2626 correspondente a publicación do libro sobre “Ribadeo de tapeo”, por importe de 3.000 euros e pregunta cantos exemplares se fixeron, manifestando o Sr.Alcalde que lle contestará por escrito, xa que non o sabe no momento.

O Sr.Rivas Alvarez dí que lle agradece que lle conteste e que dea esa mesma resposta aos asuntos sobre os que lla deu no Pleno anterior e que lle dea algunha resposta tamén.

A súa vez o Sr.Castro Reigosa fai referencia a que a publicación foi subvencionada pola Vicepresidencia de Turismo da Deputación Provincial, por un Convenio e o Sr.Rivas Alvarez manifesta que quere saber o número de exemplares.

Tamén o Sr.Rivas Alvarez pregunta polo Decreto 2891 correspondente a paneis acústicos por importe de 12.261,20 euros para a Escola das Anzas, aboados a Martinez Rodríguez Fernando, contestando o Sr.Castro Reigosa que é para insonorización de locais de ensaio de As Anzas financiado pola Deputación Provincial.

Asimesmo polo Sr.Rivas Alvarez pregúntase respecto a un Decreto, que aínda que escaso na súa contía o concepto é unha minuta de apelación dun Contencioso do ano

2005 de ADEGA a unha procuradora , Sra.Pando Caracena, de 56,25 euros e pregunta se esta empresa ADEGA ten un Contencioso co Concello.

O Sr.Alcalde contesta que debeu ser da época do da piscifactoría, pero que os procuradores tardan moito tempo en pasar as súas minutas, e pode ser de fai mais de tres anos. O Sr.Rivas Alvarez á súa vez manifesta que lle chama a atención que no Pleno pasado a esta empresa , Asociación Ecoloxista, se lle fixo unha adxudicación directa dun importe considerable cando ten un contencioso co Concello e non lle parece que alguén que está reclamando, se lle faga unha adxudicación directa.

Por parte do Sr.Alcalde se di que non recorda de canto era a cifra pero se era directa foi porque a lei de Contratos do Estado lles permite adxudicar ata un determinado marxe.

O Sr.Rivas Alvarez contesta que neso están todos de acordo.

A continuación o Sr.Rivas Alvarez pregunta polo Decreto 2962 que corresponde a Unipress, S.A. e que se manifesta que está adicado ao mercado do Nadal de Ribadeo e pregunta se a empresa está radicada en Ribadeo e se pregunta se corresponde a Onda Cero.

O Sr.Alcalde dí que cre que se trata de Onda Cero pero que lle pode contestar noutro momento, e que nos medios de comunicación locais hai algún en que o nome ou o CIF non corresponde co comercial, e que non ten inconvinte en que mañá a Interventora lle diga a quen corresponde.

Tamén o Sr.Rivas Alvarez fai referencia a un Decreto de 13 de xaneiro de 2009 en relación a un recurso de reposición de FCC de 9 de xaneiro de 2009 e pregunta se esta empresa pagou o que debía do que depositaba no vertedoiro de entullos e se fixo ou non efectivo o pago.

O Sr.Alcalde contesta que non, e que a cuestión se atopa en vía executiva.

O Sr.Castro Reigosa como Concelleiro Delegado manifesta que hoxe vencía o prazo en voluntaria e que se non se recada se pode executar o aval e que se non recurriu xurisdiccionalmente pódese executar o aval.

O Sr.Rivas Alvarez tamén pregunta se hai outras empresas na mesma situación e o Sr.Castro Reigosa manifesta que hai máis debeda deste tipo en executiva.

Formula igualmente unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez respecto a un Decreto de 23 de xaneiro de 2009 relativo a levantamento de reparos de Intervención de nóminas e que se repite en febreiro, e que quere saber cantos levan feito, e o Sr.Alcalde contesta que dase dende o goberno anterior e actualmente estase negociando o Convenio colectivo e dende entón, dende o ano 2004, hai un Decreto mensual incluso con outra Interventora acerca deste extremo.

Asimesmo o Sr.Rivas Alvarez pregunta sobre un Decreto de 9 de febreiro de 2009 de renovación da operación de tesourería donde se fai referencia a que "vistas as

necesidades e dificultades de tesourería deste Concello expostas na Resolución da Alcaldía” e pregunta se ten algún problema grave para pagar as nóminas porque así se desprende do Decreto.

Por parte do Sr.Concelleiro de Economía e Facenda se lle piden mais datos e o Sr. Rivas Alvarez dí que está a falar do Decreto de 9 de febreiro de renovación dunha operación de Tesourería e que aprobose por Decreto cun importe de 338.196,00 euros e adjudicouse a Caixa Galicia e que se trata da renovación da operación de crédito en vigor, de anos atrás e que hai un informe de Intervención xustificando a necesidade para a renovación desa póliza sen mais.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que esa operación de crédito pensa que está aberta dende o primeiro mandato do goberno do PP, do que formaba parte o Sr.Rivas Alvarez e nos gobernos anteriores non se eliminou e agora lóxicamente a situación non é nada boa para ter capacidade para facer fronte á débeda do Concello e amortizar o préstamo, e que simplemente se renova e se xustifica dada a situación económica esa renovación, un ano mais.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte sinala que non lle estrana que os gastos que están vendo que haxa que renova pero de todos os xeitos quere preguntar polo Decreto número 25 de equipos de son e luz para “Os mortos van deprisa” e se se refire a equipos que fixeron falta para o cine teatro no día do estreno de 1624,00 euros.

O Sr.Alcalde contesta que supón que foi no cine teatro e no outro cine comercial, en ambos.

Igualmente o Sr.Rivas Alvarez pregunta polo Decreto num. 207 de 9 de febreiro de 2009 sobre bonos-viaxe e pregunta se se van a suprimir, e o Sr.Alcalde á súa vez lle pregunta que quen llo dixo, contestando o Sr.Rivas Alvarez que foi unha persoa da súa confianza que foi retiralos para unha filla.

O Sr.Castro Reigosa, lle contesta que sabe mais que os Concelleiros (do goberno).

Formula tamén unha pregunta sobre o Decreto num. 252 de 8 de xaneiro de 2009 de Eomática por importe de 2.030 euros correspondente a páx. web e que pregunta se é o total ou é unha parte e se pode o Alcalde explicalo.

O Sr.Alcalde contesta que non sabe o que dí esa factura e o Sr.Rivas Alvarez reitera o xa dito e o Sr.Alcalde manifesta que lle pode contestar no próximo Pleno xa que non ten o dato.

O Sr.Rivas Alvarez fai referencia pola súa parte a que lle pode dar tamén o informe que lle ten prometido nesa sesión.

Tamén pregunta o Sr.Rivas Alvarez respecto ao Decreto 259 de actividades culturais, correspondente a Ollomol de 1.428 euros e significando que esta empresa leva tamén a ximnasia de mantemento nas parroquias e se son dous contratos diferentes , respostando o Sr.Castro Reigosa que se trata de dous contratos.

Pregunta o Sr.Rivas Alvarez por outro Decreto do mes de febreiro referido a reparos de Intervención ás nóminas sinalando que antes se referiu ao do mes de xaneiro, que está sen asinar, respostando o Alcalde que sería porque lle pasaron unha copia.

O Sr.Rivas Alvarez pasa a referirse a continuación a unha Resolución da Alcaldía relativa a unha petición dos empresarios do taxi sobre autorización de tránsito dos taxis polas rúas peonís de Ribadeo que procede a ler e que quere darlle as gracias pola autorización para paso dos taxis por rúas peonís, sobre o que se interesou por un rogo o seu compañeiro de grupo o Sr.Reymondez Gancedo.

O Sr.Alcalde lle manifesta que tamén houbo un escrito do Presidente do colectivo de taxistas, ao que o Sr.Rivas Alvarez contesta que foi posteriormente ao rogo do seu Grupo.

A continuación intervén o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que pregunta respecto ao Decreto 2498 por importe de 1.500 euros de servizo en campeonato de Galicia de todo terreo, e que é eso.

Contesta o Sr.Castro Reigosa, que é a prestación de servizo do campeonato galego de todo terreo que se celebrou en novembro en Ribadeo,se non se engana, na data, a unha Agrupación deportiva denominada Ecotrak Galicia.

O Sr.Pérez Vacas pregunta se esa foi a participación do Concello, asentindo o Sr.Castro Reigosa.

A continuación pregunta o Sr.Pérez Vacas respecto aos Decretos 2815 e 2816 de subvencións a viaxes do clube Cubelas F.S. e pregunta se hai mais clubes que reciben este pago de autobuses, que foron a Rábade e Samos, de 214 e 267 euros e se iso é independente da subvención que perciben.

O Sr.Castro Reigosa contesta que a subvención a ese Clube son os viaxes.

O Sr.Pérez Vacas repregunta se se cuantificou, e é respostado afirmativamente polo Sr.Castro Reigosa sinalando que figura no presuposto cuantificado, precisando o Sr.Pérez Vacas, que polo tanto o van gastando a través destas viaxes.

Tamén pregunta o Sr.Pérez Vacas polo Decreto 2864 de pago á Construcciones Carballeira por percheiros nos vestiarios por importe de 2.946 euros, e o Sr. Castro Reigosa contesta que se trata de percheiros nos dous polideportivos, porque non figuraban no proxecto de execución de obra.

Tamén o Sr. Pérez Vacas pregunta polos Decretos números 38 e 42 correspondentes a pago do teléfono móbil do dinamizador turístico e pregunta quen é, e o Sr.Castro Reigosa contesta que é que non se deu de baixa o teléfono do PDT.

O Sr. Pérez Vacas contesta que non é polo importe senon polo feito.

O Sr. Alcalde resposta que ás veces se mantén un teléfono coa cota mínima por se é necesario antes que dar un novo de alta que é mais caro.

Por parte do Sr. Pérez Vacas se pregunta tamén polos Decretos 2603 e 2604 de obras no Centro de Día por importes de 20.000 e 40.000 euros e se se fixo algún tipo de contrato ou licitación, e en que consistiron esas obras nun Centro Consorciado e se se fixeron. O Sr. Alcalde contesta que aínda que está consorciada, e a xestión lle corresponde ao Consorcio e o mantemento ao Concello, grosso modo.

O Sr. Pérez Vacas lle volta a preguntar se se gastaron 60.000 euros en mantemento e o Sr. Alcalde contesta que o Centro adoece de problemas de humedades, salitre, etc. e estaba nunha situación lamentable e a través da Deputación conseguiron unha axuda a finais do 2008 de 600.000 euros para iso, e cunha empresa se fixo, utilizando as marxes e os instrumentos da lei de Contratos, pero non chega.

O Sr. Pérez Vacas volta a preguntar se hai fianza e hai contrato, e se se licitou e como se adjudicou. O Sr. Alcalde pola súa parte contesta que houbo os requisitos que marca a Lei de Contratos. O Sr. Pérez Vacas pregunta se non houbo contrato e o Sr. Alcalde dí que houbo os requisitos que marca a Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Deliberase entre o Sr. Pérez Vacas e o Sr. Alcalde sobre as marxes de contratación na Lei de Contratos do Estado.

Intervén a continuación o Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista que manifesta que leu o informe de fiscalización de 10 de febreiro de 2009 de 33.000 euros, e que vai a ler algunhos párrafos, procedendo de seguido o Sr. López Pérez a unha lectura parcial do informe.

O Sr. López Pérez tras da lectura manifesta que considera que é demoledor acerca da situación e do procedemento que está a seguir determinadas áreas do Concello e non culpa ao Alcalde que ao mellor non tivo tempo de ler este informe e lle pregunta ao Alcalde se vai tomar algunha medida despois de ter coñecemento ao mellor neste momento do que lle acaba de dicir.

O Sr. Alcalde contesta que a verdade é que tendo razón, parece mentira que estivese no goberno anterior 4 anos e que lle pode traer os reparos anteriores e no mandato anterior, e que dende que está a actual Interventora, que coincide practicamente co mandato do actual Alcalde se reduciron moito esas prácticas dos vales, e que as prácticas que había fai catro días, se reducían e se están a corrixir, e que poden mirar facturas das áreas do Sr. López Pérez que ao mellor se pasaban de consignación, seguramente, e tiñan o reparo de Intervención e como sabe, despois de que o fan o Alcalde o levanta para salvar a responsabilidade do funcionario informante.

O Sr.Alcalde prosegue manifestando que poden cometer erros, que a súa vontade é mellorar, pero que para iso sería convinte que algún membro do Grupo do Sr.López Pérez deixase de reclamar cantidades contenciosas en torno a 13.000 euros de nóminas deixadas de percibir que mellorarían a economía do Concello, e que terán que ter consignadas no presuposto de 2009.

O Sr.López Pérez contesta que pola súa parte lle gustan as aclaracións que fai o Sr.Alcalde e que efectivamente estivo nun goberno xunto co Sr.Alcalde.

Prodúcese unha deliberación entre o Sr.Alcalde e o Sr.López Pérez sobre se é o momento de debater ou é en Rogos e Preguntas e o Sr.López Pérez dí que compartiron goberno e que reta ao Sr.Alcalde a que en relación ás responsabilidades que ostentaba o Sr.Concelleiro do Grupo Socialista no uso da palabra de Tráfico e Cemiterios se tiveran producido esos reparos de Intervención e que compare se pola contra esas advertencias de Intervención se referían ás areas de goberno de responsabilidade dos membros do BNG ou do Sr.López Pérez.

Por parte da Sra. Alvarez Lastra, Concelleira Delegada de Cultura manifestase que en relación ao ámbito da súa delegación e respecto a todos os gastos ao longo do ano teñen informes da programación cultural desglosados e dende que ela está ahí non fixeron gastos sen constancia en Intervención; e o Sr.López Pérez contéstalle que foi ao mirar o informe e lle chamou a atención e a Sra.Alvarez Lastra dí que non o poden lanzar sen que ela se defenda, porque é a responsable desa área.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que o seu Grupo tamén tiña cuestións que plantexar respecto aos Decretos, pero que tal e como está montado a orde de intervención neste punto o seu Grupo queda ao final e non pode intervir xa que se plantexaron as cuestións polos restantes Grupos e que cree que deben ser respectuosos deixando para Rogos e preguntas o procedente, e que levan media hora para isto, sinalando que en ningunha Administración sucede esto.

Sen mas cuestións dase por rematado o trámite de dación de conta ao Pleno Municipal das resolucións epigrafiadas.

3.-APROBACIÓN DOS ESTATUTOS E ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO INTERREXIONAL EN TORNO AO EO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de data 12 de marzo de 2009 que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía sobre este asunto que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista do a proposta formulada de Asociación para o Desenvolvemento Turístico Interrexional en Torno ao Eo

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL a adopción dos acordos seguintes:

1º. Aprobar os Estatutos da Asociación para o Desenvolvemento Turístico Interrexional en Torno ao Eo

2º. Solicitar a adhesión á asociación .

3º. Nomear a don Fernando Suárez Barcia, Alcalde-Presidente, na cualidade que ostenta, como representante do Concello de Ribadeo en dita Asociación.”

Por parte do Sr.Alcalde se procede a efectuar unha sucinta explicación na que manifesta que esta Asociación está relacionada coa reserva da biosfera que foi creada e que fundamentalmente se trata de crear unha organización de Concellos un pouco á marxe da organización efectuada polas Comunidades Autónomas para buscar financiación para actuacións.

Iníciase a deliberación manifestándose por parte dos representantes de UPRI e do Partido Popular que se reservan para o Pleno.

Intervén o Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, que pregunta respecto ao que se sinala no informe de Secretaría de que figure un titular e suplente e que na proposta da Alcaldía figura unicamente o titular.

Por parte do Sr.Alcalde se sinala que o suplente o decidirá o Pleno e por Secretaría se manifesta que se informa xenéricamente toda vez que se trata de establecer un mecanismo en que en ausencia da Alcaldía non sexa preciso unha delegación, pero que pode quen formula a proposta aceptar ou propoñer a modificación da mesma.

Prosegue a deliberación e toda vez que se pregunta polos Sres.Concelleiros presentes se implica aportación económica polo Sr.Alcalde maniféstase que non e que está basicamente de acordo coa proposta da Asociación aínda que ten obxectivos discutibles.

Sometido a votación ditamínase por dous votos a favor (dos membros do Grupo municipal do BNG) e cinco abstencións (dos membros do Grupo municipal do PP, PSG-PSOE e UPRI) a adopción polo Pleno municipal do seguinte acordo:

1º. Aprobar os Estatutos da Asociación para o Desenvolvemento Turístico Interrexional en Torno ao Eo.

2º. Solicitar a adhesión á asociación.

3º. Nomear a don Fernando Suárez Barcia, Alcalde-Presidente, na cualidade que ostenta, como representante do Concello de Ribadeo en dita Asociación.”

Iníciase deliberación intervindo o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que manifesta que non teñen inconvinte en votar a favor aínda que non queda claro a cuestión da suplencia da Alcaldía e que dependendo da proposta será o sentido do voto.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas, que manifesca que o Grupo Socialista vai votar a favor e que é un marco perfecto para canalizar porque abarca o mesmo ámbito que a Reserva da Biosfera, e que cren oportuno que haxa un substituto do Alcalde e que non se produza unha ausencia de representación.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pola súa parte manifesca que o Grupo Popular vai votar en contra e que lles chama a atención que os grupos esten encantados e que fai 8 ou 10 anos ou 12 se pretendeu facer un Ente interterritorial entre Ribadeo e Castropol e resulta que dende o lado asturiano se torpedeou e houbo dous plans de dinamización turística porque o Principado de Asturias, con quen parece que todos os Grupos están tan encantados, porque é o impulsor deste, foi o que impediu que houbera ese Plan de Dinamización Turística conxunto.

Prosegue manifestando o Sr.Rodríguez Andina que o seu Grupo non sabe a que se debe e que non sabe se lles soa a historia do “chiringuito”, porque é algo que tiveron que escoitar dende o goberno do Partido Popular varias veces, que lle atribuían ao Plan Leader do que, cando agora se remata, se contan as excelencias, e ninguén dí que o trouxo o Partido Popular de Ribadeo e de Castropol.

Sinala tamén o Sr.Rodríguez Andina, que isto de que se senten en igualdade de Concellos de Asturias e de Galicia e que se monte nun momento, no que boten en conta simplemente quen goberna en cada sitio, e sumen e saquen o que lles sae, e que iso sona a “chiringuito”.

Ademais , aínda que pareza que traballan menos os Decretos, esto cre que o traballaron mais, e que dende o punto de vista legal entende que non se sosteñen, os Estatutos.

Incidentalmente o Sr.Rodríguez Andina pide unha copia dos Estatutos para efectuar a súa intervención, facilitándoselle o orixinal que consta no expediente da convocatoria e proseguindo o Sr.Concelleiro a súa intervención.

Dí o Concelleiro no uso da palabra que se constitúe unha Asociación sen ánimo de lucro ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo e que obriga a que haxa Asociación públicas e privadas, e estes Estatutos exclúen ás Asociacións privadas, e en base a eses Estatutos non será en base á Lei Orgánica 1/2002, será en base a outra norma que se menciona no informe de Secretaría, e os Estatutos non cumpren, ata donde saben, e que hai un informe amplo de Secretaria que sinala que o xeito axeitado é o Consorcio e se vai a facer unha Asociación; e que pretende evadir determinados asuntos que son mais complicados a través do Dereito Administrativo, e que igualmente non aparece nos Estatutos, e ata donde saben é obrigatorio, e se non aparece rompe a legalidade, a cuestión de quen establece as cotas, cales son e se vai pagar igual Negreira de Muñiz e Ribadeo, por poñer un exemplo e pregunta se vai ser por igual ou se é que non vai haber ningunha, que o dubida, e que ademais discrepa en varias cousas, o seu Grupo que non soe ser localista.

Fai referencia o Sr.Rodríguez Andina a que a porqué se lle regala o establecemento da sé en Vegadeo, e todos están de acordo, e ninguén dí nada, e que lles poden dar dende a Xunta Directiva, previo acordo vinculante da Asamblea, novo domicilio ou outras sedes ou sucursais; procede asimesmo o Sr.Rodríguez Andina a ler quen integra a Asociación, e fai referencia aos artigo 5º, e como ninguén pode dubidar do peso específico de Ribadeo no conxunto deses Concellos, e no 6º, dí que á Directiva van ir os Concellos tres dun lado e tres doutro, pero dentro desta Asociación díse que van poder participar os Concellos e outros entes locais de menor entidade que os Concellos e ademais Comarcas, Deputacións e Comunidades Autónomas.

Pregunta o Sr.Rodríguez Andina se alguén pode crer que se na Directiva desta Asociación van ir so Concellos vai haber unha Comarca, ou unha Deputación ou unha Xunta que poña os cartos sen poder participar na toma de decisións, se alguén o pode crer realmente.

Tamén fai igualmente referencia ao artigo 10 que atribúe á Xunta Directiva a creación de prazas na Asociación e que debería propoñelo a Xunta Directiva, dicir que prazas son necesarias e aprobalas na Asamblea, e que é outra parte do “chiringuito” e que por último no artigo 23 e quixera que alguén lle dixera se coñece do lado galego algunha destas que se nomean como Entidades locais inferiores ao Concello e pregunta se dos Concellos de Galicia alguén sabe dalgunha Entidade destas características, e pregunta se non será que existe algunha Entidade da beira asturiana e como consecuencia delo se poden incorporar e a partir de ahí seguen co “chiringuito” e que cre que é unha explicación dabondo, e a última frase se alguén lla explica, porque se non tampouco a entende, respecto á exclusión das Entidades locais menores se pertence o Concello á Asociación, se ben fai referencia o Sr.Rodríguez Andina á confusa redacción do artigo contradictorio nos seus termos.

Reitera que o seu Grupo vai votar en contra.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que estes Estatutos son tipo e que por parte dalgún Concello se difunde aos demais que forman parte da Reserva da Biosfera e que dubida que poida ser un chiringuito porque en principio non ten aportación económica e que se chega a tela será simbólica, e se é algo mais, supón que terá que aprobarse polos órganos dos Concellos e se chega a selo está facultado o Concello para sairse; que considera igualmente que entendendo que pode haber determinado enfado nalgún grupo, non se debe mirar con revancha o pasado e o pasado está sentenciado, e que hai que mirar para o futuro, e que a cor do BNG é ben minoritario e que a cuestión a ve dende un punto de vista institucional, e que respecto o da sede, non é a sede da UNESCO, e o importante é o que poida conquistar, sobre o que ten dubidas, e que se trata dun reparto entre 14, e que todo o que poida vir sexa benvido supón que para educación medioambiental, boas prácticas, para publicidade, para gastos de concienciación, etc. Manifesta asimesmo que pode haber certas interpretacións e poden ser verdade, se se entra na dinámica non irá para adiante, e pola responsabilidade que teñen de ser quen aporta mais poboación, Ribadeo dez mil habitantes, e pode ter algunha connotación doutro tipo con algun aspecto que se soslaya, pero o consideran positivo, e pide que se non estan dacordo, cando menos se absteñan.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte manifesta que segue mantendo a mesma postura inicial e que non lle quedou claro quen vai ser o suplente do Alcalde,, e a expensas desa proposta sería o sentido do seu voto, parece ser que non vai haber un suplente da Alcaldía, xa que non llo dixo.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que o suplirá a Primeira Tenente de Alcalde e sucesivos, ou por delegación expresa; si o Pleno o estima pode designar un suplente e que poderá haber unha sesión ou dúas, ao ano, e asistir o Alcalde e sinon que o suplirán a través das tenencias da Alcaldía.

O Sr.Pérez Vacas, pola súa parte manifesta que lles parece ben e que vaia quen lle corresponda.

O Sr.Rodriguez Andina, pola súa parte dí que non se van abster e fai referencia ao asunto do denominado “chiringuito” e que lle dixo ao Alcalde e neste Pleno, que aquí no artigo 1 da Lei Orgánica do ano 2002 é para Asociacións que inclúan públicos e privados e cre que expulsan aos privados literalmente, e que o incumpren e que iso non é parte doutra discusión que tamén vai ter, pero é parte da legalidade vixente.

Prosegue o Sr.Rodriguez Andina dicindo que ata donde saben nos Estatutos debe falar tamén de aportación e cotas, de quen as fixa e de como se fixan; que tamén o seu Grupo entende que o organigrama de funcionamento da Asociación ten que ser cuestión da Asamblea, aínda que a proposta sexa da Directiva, e que son cousas á marxe de criterios políticos e que o Alcalde non lle pode dicir que son unhos Estatutos tipo, e que lle pode ensinar outros Estatutos tipo que incorporan todas estas cousas, e que é o mais importante que debería incorporarse.

O Sr.Rodriguez Andina ademais pregunta se é palabra de Deus ou se se poden facer aportacións, e tal como ven, non o considera axeitado e considera que o Alcalde é o menos indicado para dicirlle ao seu Grupo que están actuando por rencillas ou por asuntos do pasado, porque se de algo lles acusan é de que sempre lle dan a razón ao Alcalde e agora él lles dí que se acordan de cousas do pasado, e entón se están armando un lío, e non sabe moi ben donde se colocan e que non o bote en cara; que agora resulta que isto non é un “chiringuito” e que se pode ir cando se queira, e antes tamén pero lle chamaban “chiringuito” e agora resulta que se mira dende un punto de vista institucional, e cando o Partido Popular dicía que a Asociación se chamara Ponte dos Santos e a ría , ría , en canto aparecía ría do Eo “lles fusilaban literariamente” pero que se vai para Vegadeo, - ironiza o Sr.Rodriguez Andina-, xa dende un punto de vista serio e institucional,pode ser.

Prosegue manifestando o Sr.Rodriguez Andina, que parece que antes era dun xeito e agora de outro e antes (en relación a cando gobernaba o Sr.Rodriguez Andina) quería ter ese carácter institucional que se manifesta agora e se lle da agora por arte de birlibirloque a volta ao asunto e deveñen todos institucionais.

Que considera que hai determinadas cousas que non se lle contestaron como o das Entidades locais menores, que non as hai en Galicia e que os concellos asturianos

antes non se quixeron asociar con Ribadeo, e reitera que non se van abster, que van votar en contra porque o asunto non se sostén, e pide que se estudie, analize e corrixa.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que lle disgusta que ninguén abra a boca na Comisión Informativa e que o problema non é que o Alcalde non lle importe se efectúan aportacións, pero unha coma que se cambie ten que ser refrendada polos outros Concellos e a fin de contas é unha Asociación sen ánimo de lucro e que pouco bacallao vai cortar, aínda que viñera un Interreg e que se fixan os criterios dende o Pleno, e que sobre cuestións legalistas non o sabe, e que supón que do espírito deso supón que ten unha intención positiva para os veciños dos Concellos e que os Estatutos se teñen que refrendar por 17 concellos e que non se ve (en relación a sí mesmo) para iniciar unha reflexión, e igual despois tampouco quere que se lles acuse a Ribadeo de que xa que son os mais grandes e os que mais poboación aportan ese pode ser un criterio e outro pode ser o do territorio que ten a Fonsagrada e teñen medo que se enroquen nese tipo de posicións, e que se debe dar unha oportunidade cos acertos e os erros que poida ter, e propón que se vote.

O Sr. Rodriguez Andina, por alusións, pola súa parte lle contesta que non lle veña dicindo iso de que na Comisión Informativa ninguén dixo nada e que agora se pon todo patas arriba, e sabe que na Comisión Informativa asistiu un suplente do Concelleiro no uso da palabra e que unha cousa desta enxundia o Grupo do Partido Popular estudia os papeis, analiza e toma unha decisión.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, que pregunta se a proposta da Alcaldia inclúe algún tipo de suplente e o Sr.Alcalde lle contesta que é a que é, e como a maioría das que veñen ao Pleno.

Deliberase incidentalmente entre o Sr.Alcalde e o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, sobre este extremo, reiterándose polo Sr.Alcalde que xa explicou a súa proposta, e o Sr.Rivas Alvarez manifesta que o seu Grupo se abstén.

De seguido por sete votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do PSOE e do BNG), catro en contra (dos membros do Grupo municipal Popular) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI), acórdase:

1º. Aprobar os Estatutos da Asociación para o Desenvolvemento Turístico Interrexional en Torno ao Eo.

2º. Solicitar a adhesión á asociación.

3º. Nomear a don Fernando Suárez Barcia, Alcalde-Presidente, na cualidade que ostenta, como representante do Concello de Ribadeo en dita Asociación.”

4.-PROPOSTA RELATIVA A NOMES DE RÚAS EN RIBADEO E RINLO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 12 de marzo de 2009, que se transcribe de seguido:

“Dase conta do ditame da Xunta de Portavoces celebrada na mañá de hoxe, que se transcribe de seguido:

“Por parte da Alcaldía-Presidencia procédese a explicar aos Sres.Concelleiros que hai unha serie de propostas do Consello Sectorial da Muller e que existen outros problemas de denominación de rúas; que a proposta do Consello Sectorial foi por unanimidade pero pensa que hai partes da proposta que exceden e teñen que revisala e se fai referencia ás propostas formuladas.

Deliberase no seo da Xunta de portavoces sobre a persoalidade das mulleres propostas e sobre a súa biografía segundo os datos de que dispoñen os membros da Xunta. Igualmente se delibera sobre a proposta relativa á denominación dunha rúa ou praza como 8 de marzo (Día Internacional da Muller).

Deliberase tamén sobre o xeito mais apropiado de manter un criterio o mais consensuado e unánime posible entre os grupos da Corporación nesta materia.

Dase conta por parte da Alcaldía da proposta que se somete a Comisión Informativa e deliberándose sobre a mesma polos diferentes portavoces municipais.

Tras dunha deliberación sobre a oportunidade de proceder neste momento á denominación de certas rúas adiando a decisión para varias das contidas na proposta da Alcaldía e para as denominacións propostas, pola Xunta de portavoces como criterio unánime dos Grupos alí representados proponse que pola Comisión informativas se efectúe o ditame seguinte:

1º.- Acorda a nova denominación das rúas seguintes:

Nova denominación	Antiga denominación ou tramo que abarca
Parque de Amadora Suárez Couto	Lugar coñecido como “parque dos vellos” nas inmediacións do aparcadoiro municipal na rúa Daniel Cortezón.
Rúa Ernestina Mansilla Jiménez	Rúa que vai dende a rúa Clemente Martínez Pasarón á rúa Buenos Aires (actualmente sen denominación).

2º. Aceptar as denominacións propostas de Grupo Saudade e 8 de marzo para a denominación de prazas e rúas cuxa ubicación específica se determinará na Comisión informativa “ad hoc”.

3º. Adiar a decisión sobre as restantes denominacións de rúas en Ribadeo e Rinlo.

4º. A creación dunha Comisión informativa específica que desenvolva os traballos correspondentes para a denominación de rúas e espazos públicos sen nome na actualidade, toda vez que é preciso tamén a reordenación de rúas e numeración de edificios aos efectos do Padrón Municipal de habitantes e os seus procesos de renovación.

5º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, manifesta que lle parece ben a proposta da Xunta de portavoces pero que quere que se revise o rueiro de Ribadeo.

Por parte do Sr.Alcalde se fai referencia a que por parte dos servizos técnicos do Concello se advirte que hai cousas que teñen que replantexarse mellor e se pode aproveitar para introducir coas aportacións dos Grupos os cambios correspondentes e se fai referencia polo Sr.Alcalde a rúas innominadas como a paralela a Rosalia de Castro, Veiga Daira e outras zonas, polo que propón que se faga un estudio mais polo miúdo.

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista manifesta que debe sacarse algún nome de rúa ou Praza de conformidade coa Lei da memoria histórica, e o Sr.Alcalde lle sinala que pola súa parte él non falou de sacar nada a ninguén.

De seguido por unanimidade, acordase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal o acordo seguinte:

1º.- Acorda a nova denominación das rúas seguintes:

Nova denominación	Antiga denominación ou tramo que abarca
Parque de Amadora Suárez Couto	Lugar coñecido como “parque dos vellos” nas inmediacións do aparcadoiro municipal na rúa Daniel Cortezón.
Rúa Ernestina Mansilla Jiménez	Rúa que vai dende a rúa Clemente Martínez Pasarón á rúa Buenos Aires (actualmente sen denominación).

2º. Aceptar as denominacións propostas de Grupo Saudade e 8 de marzo para a denominación de prazas e rúas cuxa ubicación específica se determinará na Comisión informativa “ad hoc”.

3º. Adiar a decisión sobre as restantes denominacións de rúas en Ribadeo e Rinlo.

4º. A creación dunha Comisión informativa específica que desenvolva os traballos correspondentes para a denominación de rúas e espazos públicos sen nome na actualidade, toda vez que é preciso tamén a reordenación de rúas e numeración de edificios aos efectos do Padrón Municipal de habitantes e os seus procesos de renovación.

5º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sen promoverse deliberación, polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º.- Acorda a nova denominación das rúas seguintes:

Nova denominación	Antiga denominación ou tramo que abarca
Parque de Amadora Suárez Couto	Lugar coñecido como “parque dos vellos” nas inmediacións do aparcadoiro municipal na rúa Daniel Cortezón.
Rúa Ernestina Mansilla Jiménez	Rúa que vai dende a rúa Clemente Martínez Pasarón á rúa Buenos Aires (actualmente sen denominación).

2º. Aceptar as denominacións propostas de Grupo Saudade e 8 de marzo para a denominación de prazas e rúas cuxa ubicación específica se determinará na Comisión informativa “ad hoc”.

3º. Adiar a decisión sobre as restantes denominacións de rúas en Ribadeo e Rinlo.

4º. A creación dunha Comisión informativa específica que desenvolva os traballos correspondentes para a denominación de rúas e espazos públicos sen nome na actualidade, toda vez que é preciso tamén a reordenación de rúas e numeración de edificios aos efectos do Padrón Municipal de habitantes e os seus procesos de renovación.

5º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE RIBADEO.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 12 de marzo de 2009, que se transcribe de seguido:

“Dase conta do informe-proposta de Resolución elaborado a petición da Alcaldía-Presidencia e da modificación proposta procedéndose a explicar o contido da mesma e a necesidade de adecuación ao disposto no Decreto 56/2000, de 3 de marzo.

O portavoz do Grupo municipal de UPRI, Sr. Rivas Alvarez manifesta que o seu Grupo se reserva para o Pleno e pregúntase polos concelleiros se os membros da Agrupación son coñecedores destes extremos respostándose polo Sr.Alcalde que cre que sí, na súa maioría e o Sr.Rivas Alvarez manifesta que él pola súa parte cre que non.

Por parte de Secretaria se sinala que por tratarse dun procedemento de modificación dun Regulamento se efectuará a aprobación inicial, exposición ao público e aprobación definitiva.

Prosegue a deliberación e polo Sr.Duarte Díaz se pregunta polo número de voluntarios da Asociación contestándose pola Alcaldía que se cre que sobrepasan os cen membros aínda que non todos son operativos.

O Sr.Alcalde manifesta que o seu Grupo está a favor de que se adopte o acordo e do mesmo xeito o Sr.Duarte Diaz, do Grupo Municipal Popular, e por parte dos representantes de PSOE e UPRI se manifesta que se absteñen.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e do Partido Popular) e tres abstencións (dos membros dos Grupos municipais socialista e de UPRI) acordan propoñer ao Pleno municipal para a súa aprobación a modificación proposta do Regulamento da Agrupación municipal de voluntarios de Protección Civil para a súa aprobación inicial e subseguinte tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.”

Iníciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que manifesta que preguntou na Comisión se estaban enterados os membros de Protección Civil e o Sr.Alcalde lle dixo que sí e que él cre que non, e que para facerse unha modificación debe contarse cos membros da Asociación e que debe terse en conta aos voluntarios, e pregunta se se ten redactado o PEMU, toda vez que se fai referencia ao mesmo no Regulamento e é unha das preguntas que se fan.

Igualmente o Sr.Rivas Alvarez, sinala que aínda que se fai unha modificación das funcións , atribucións, etc. non queda claro como se van facer as eleccións, se van a ser directas, en furna, se vai valer o voto delegado, o voto por correo, etc. e que non está dabondo meditado e consensuado, e que entende que ten que encher ese baleiro e que se vai abster en principio, porque non é un Regulamento consensuado con todos eles, e que considera que é un traballo moi importante o que realizan os voluntarios e que ninguén lles gratifica.

Intervén o Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista que manifesta que van apoialo porque a propia Lei recolle que a Asociación a preside o Alcalde e a Asociación de voluntarios é unha descoñecida para moitos ribadenses e que quedaon sorprendidos ao saber que tiñan mais de cen membros e que cre que urxe unha regulación e que considera que a regulación do Grupo é unha mellora no Regulamento

e que implica aire fresco e control democrático do funcionamento, e que o procedemento de aprobación que leva exposición pública, etc. terá que ser resolto polo Pleno e se recollen os aspectos mais importantes para que todo aquel que queira participar e aportar durante a exposición pública, mellorar o Regulamento poida facelo polo que se dan as condicións para o apoio do Grupo Socialista.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, pola súa parte manifesta que votaron a favor na Comisión e que despois da Comisión están seguros de que non todos os voluntarios son coñecedores de en que consiste esa modificación, e o saben porque contactaron con voluntarios operativos, e dende logo hai algunhos que non saben en que consiste, e que deberían saber pero van apoialo igual, porque é a aprobación inicial, non é definitiva, e vai haber unha exposición pública, etc. e que pode dar voltas a regulación, e que o que van facer e que se van reunir o Grupo do PP cos voluntarios e pide que o propio goberno chame aos voluntarios para que todos saiban e institucionalmente debe ser o equipo de goberno o que lles diga que os van escoitar e que por parte do Grupo Popular o que lles pareza o van apoiar, e que é un sí a un procedemento que empeza e condicionado a que se poida mellorar.

O Sr. Alcalde pola súa parte sinala que non pensen que o motivo é con toda a actividade inxente de traballo que ten o Concello e o Goberno que lles de por cavilar e que non estaba nas súas pretensións, pero é certo que hai varias cousas como que o Regulamento do ano 2000 establece unha estrutura no artigo 13 (procede o Sr. Alcalde a ler textualmente o artigo 13 do vixente Regulamento), pero non dí nada mais e o que se pretendía era crear un capítulo novo (por parte do Sr. Alcalde se fai referencia polo miúdo ao contido do capítulo que se engade como modificación do Regulamento), e que por parte da Alcaldía se ordenou facer a proposta dende un criterio técnico e que se redactou supón que por analoxía con outras organizacións ou agrupacións, e que non sabe se é a mellor das propostas posibles e que se somete ademais a aprobación inicial pero que é manifestamente e infinitamente mellor que o que había, que non había nada, e que non quere dar razóns pero que membros da Directiva actual de Protección Civil lle teñen reiterado que se enteraron de que eran membros da Directiva porque alguén os puxo ahí sen indicarllo, non sabe se daquela cando outros gobernaban se avisaba a todos os voluntarios, e que o que dí é flagrante e verídico, e tamén ten que recordar que xa que avalían os Decretos moi acertadamente moitas veces, ou todas, non sabe se verían que tempo atrás foi co-demandado o Concello por unha cuestión que non tiña nada que ver o Alcalde ou o goberno, por un mal funcionamento da Asociación de voluntarios, con esa Directiva, que rematou nos Tribunais por unha cuestión de non querer admitir a voluntarios ou aspirantes a voluntarios e que o Concello perdeu, e se alegra de que perdera, e que era o colmo que o Alcalde non tivera nada que dicir, e que agora se lle da un réxime democrático e haberá unhas eleccións e a Xunta Directiva terá as prerrogativas que lle marca o Regulamento e que o Concello non quere vetar a ninguén e que lle quere dar un trámite mais normativo de acordo coa legalidade vixente e ao mesmo tempo quere cubrir baleiros como é o de 3 membros da Asociación que sexan interlocutores diante da Xunta de Galicia, e que non quere o Alcalde menosprezar o traballo dos voluntarios e pretende que se poña en valor e que non haxa atropelos e que o Alcalde tamén é un voluntario, aínda que nunca actúa como voluntario de Protección Civil, e fai referencia a que hai moita xente que é voluntaria pero que non participa.

O Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, pola súa parte manifesta que aquela persoa que non esta operativa tres meses se lle da de baixa no servizo, polo tanto esa cifra que se manexa por parte do Sr.Pérez Vacas, de mais de cen membros agora mesmo non é tanta e en todo caso tampouco sabe se se lles comunicou ou non a perda da condición; que en calquera caso como hai aprobación inicial vanse abster e despois desas modificacións que se formulen verán cal vai ser o sentido do seu voto finalmente.

De seguido por once votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP, e PSOE) e con dúas abstencións (dos membros de UPRI), acórdase:

1º. A aprobación inicial da modificación proposta do Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Ribadeo, segundo a proposta que figura no expediente.

2º. A exposición ao público polo prazo de trinta días para reclamacións e suxestións; de non formularse ningunha entenderase aprobado definitivamente e noutro caso terá que adoptarse polo Pleno municipal o acordo de aprobación definitiva.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

6.-LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR INVERSIONES Y DISTRIBUCIONES MONGIDO S.L. PARA EDIFICACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN RINLO.

Expediente nº 2008/23 tramitado a instancia de Inversiones y Distribuciones Mondigo S.L. interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído, para vivenda unifamiliar en Rinlo, parcela B nº 10301, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de setembro de 2006, expediente número 2006/179.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JUAN FERNANDEZ VIJANDE PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PAR 2 VIVENDAS E LOCAL COMERCIAL EN SAN ROQUE, 26-RIBADEO.

Expediente nº 2009/03 tramitado a instancia de D.Juan Fernández Vijande, DNI-NIF 11339729-Q. interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído, para 2 vivendas e local comercial na rúa San Roque, 26, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de setembro de 2006, expediente número 2006/240.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON EDELMIRO FERNÁNDEZ PÉREZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN VICENTE DE COVELAS, RIBADEO.

Expediente nº 2009/01 tramitado a instancia de D.Edelmiro Fernández Pérez, DNI-NIF 33998995-G interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído, para vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 2 de marzo de 2006, expediente número 2006/44.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR PROMOCIONES FERMONOSA PARA EDIFICIO REHABILITADO EN SAN ROQUE, 44. RIBADEO.

Expediente nº 2009/04 tramitado a instancia de Promociones Fermonosa CIF B27355007 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 29 de outubro de 2007, expediente número 2007/176 para edificio de plantas baixa, primeira, segunda e baixo cuberta para 5 vivendas e local comercial en San Roque, 44.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA NIEVES POMBAR CRESPO PARA EDIFICIO DE VIVENDA UNIFAMILIAR REFORMADO EN SAN XILLAO, 26, RIBADEO.

Expediente nº 2008/22 tramitado a instancia de Nieves Pombar Crespo, DNI-NIF 2251069-J interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio reformado ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 31 de xullo de 2007, expediente número 2007/73 para edificio de baixo e primeiro adicado a vivenda unifamiliar en San Xillao, 26.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.”

De seguido polo Pleno municipal por unanimidade dos seus membros, acordase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR INVERSIONES Y DISTRIBUCIONES MONGIDO S.L. PARA EDIFICACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN RINLO.

Expediente nº 2008/23 tramitado a instancia de Inversiones y Distribuciones Mondigo S.L. interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído, para vivenda unifamiliar en Rinlo, parcela B nº 10301, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de setembro de 2006, expediente número 2006/179.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase o outorgamento da licenza de primeira ocupación de referencia.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON JUAN FERNANDEZ VIJANDE PARA REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PAR 2 VIVENDAS E LOCAL COMERCIAL EN SAN ROQUE, 26-RIBADEO.

Expediente nº 2009/03 tramitado a instancia de D.Juan Fernández Vijande, DNI-NIF 11339729-Q. interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído, para 2 vivendas e local comercial na rúa San Roque, 26, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de setembro de 2006, expediente número 2006/240.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa

edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase o outorgamento da licenza de primeira ocupación de referencia.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON EDELMIRO FERNÁNDEZ PÉREZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN VICENTE DE COVELAS, RIBADEO.

Expediente nº 2009/01 tramitado a instancia de D.Edelmiro Fernández Pérez, DNI-NIF 33998995-G interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído, para vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 2 de marzo de 2006, expediente número 2006/44.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase o outorgamento da licenza de primeira ocupación de referencia.

4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR PROMOCIONES FERMONOSA PARA EDIFICIO REHABILITADO EN SAN ROQUE, 44. RIBADEO.

Expediente nº 2009/04 tramitado a instancia de Promociones Fermonosa CIF B27355007 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 29 de outubro de 2007, expediente número 2007/176 para edificio de plantas baixa, primeira, segunda e baixo cuberta para 5 vivendas e local comercial en San Roque, 44.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase o outorgamento da licenza de primeira ocupación de referencia.

5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA NIEVES POMBAR CRESPO PARA EDIFICIO DE VIVENDA UNIFAMILIAR REFORMADO EN SAN XILLAO, 26, RIBADEO.

Expediente nº 2008/22 tramitado a instancia de Nieves Pombar Crespo, DNI-NIF 2251069-J interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio reformado ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 31 de xullo de 2007, expediente número 2007/73 para edificio de baixo e primeiro adicado a vivenda unifamiliar en San Xillao, 26.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 9 de marzo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase o outorgamento da licenza de primeira ocupación de referencia.

7.-APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO TIPO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

De seguido dase conta de que o ditame da Comisión Informativa se formulou nos termos que se transcribe seguidamente:

“Dase conta asimesmo á Comisión Informativa de que, fora da orde do día , na Xunta de Portavoces se formulou unha proposta de ditame sobre o asunto epigrafiado do seguinte tenor:

“Pola Alcaldía-Presidencia dase conta de que o Sr.Concelleiro Delegado de Economía e Facenda quere someter a Xunta de portavoces por razóns de urxencia unha modificación do Convenio tipo das Escolas deportivas segundo documentación que aporta.

Deliberase sobre a procedencia da cuestión previa explicación do Sr.Concelleiro Delegado das modificacións e as diferencias entre os tipos de escolas deportivas, precisándose no seo da Xunta por parte do Sr.Rodríguez Andina que o concepto de curso escolar chega ata setembro.

De seguido e toda vez que a proposta que se formula de modificación do Convenio por parte do Sr.Concelleiro Delegado consiste en engadir a cláusula 7ª do Convenio tipo “Os pagamentos poderán facerse nun ou dous prazos segundo o período de duración de cada escola” e a subseguinte modificación

no apartado 4º dos antecedentes relativo a data de aprobación que se efectúe polo Pleno e manténdose no demais o texto do Convenio, por unanimidade da Xunta de portavoces acórdase, por unanimidade, propoñer a formulación dun ditame favorable previo ao acordo plenario correspondente por parte da Comisión Informativa, de aprobación da proposta de modificación do Convenio tipo de Escolas deportivas tal como foi proposto polo Sr.Concelleiro Delegado.”

Intervén o Sr.Concelleiro Delegado D.Vicente Castro Reigosa que explica de xeito sintético que hai escolas que duran oito meses e outras que duran cinco meses e que se pretende facer o pagamento das que duran oito meses en dous prazos de catro meses para dar co financiamento a media temporada.

Por parte do Sr.López Pérez se pregunta se se estaba pagando ao día e se se vai adoptar o compromiso de pagar durante o curso, indicando o Concelleiro Delegado que se pretende facelo.

Incidentalmente por Secretaría se engade que ademais das modificacións a que se fai referencia no ditame debe establecerse a substitución no texto do Convenio da referencia efectuada á Lei de 1995 pola do vixente texto refundido da Lei de Contratos das AA.PP. Lei 30/2007, de 30 de outubro.

A Comisión, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente o asunto para a aprobación polo Pleno Municipal.”

Polo Pleno municipal, sen promoverse deliberación por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º. Aprobación da modificación do Convenio tipo para as Escolas deportivas municipais segundo o dictame da Comisión Informativa:

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE MODIFICACIÓN DA LEI ELECTORAL.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Popular que se transcribe de seguido:

“MOCIÓN

La Constitución Española, en su artículo 23, otorga el derecho de sufragio a todos los ciudadanos. Además, el artículo 14 de dicho Texto garantiza a todos los españoles igualdad en el ejercicio de sus derechos. Todo ello supone que, de una u otra forma, los poderes públicos deben articular algún mecanismo que permita a los españoles residentes en el exterior ejercer el derecho de sufragio con todas las garantías.

Así, la Ley Orgánica 40/2006, de 14 de diciembre, del Estatuto de la Ciudadanía Española en el Exterior, que versa sobre el derecho de los españoles residentes en el exterior a ser elector y elegible en las mismas condiciones que la ciudadanía residente en el Estado español, proclama en su artículo 5 lo siguiente:

“1. Los españoles que residen en el exterior tienen derecho a ser electores y elegibles, en todos y cada uno de los comicios, en las mismas condiciones que la ciudadanía residente en el Estado español, en los términos previstos en la normativa de aplicación.

5. Para facilitar el ejercicio del derecho de voto de los españoles residentes en el exterior, se promoverán las medidas legales tendentes a homogeneizar los procedimientos electorales para la ciudadanía española en el exterior y se habilitarán los medios materiales, técnicos y humanos precisos que posibiliten la votación en urna o a través de otro medio técnico que garantice el secreto del voto y la identidad del votante, en elecciones generales, europeas y autonómicas, en las demarcaciones consulares, teniendo en cuenta las características de los países de residencia y el número y distribución de españoles residentes en el país de que se trate”.

En estos momentos la regulación de la normativa electora en este aspecto resulta insatisfactoria, tanto desde el punto de vista de la seguridad jurídica como del de las garantías democráticas que aseguran que el voto sea universal, libre, igual, directo y secreto.

Por esta razón, el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso ha presentado una Proposición de Ley Orgánica de modificación de la Ley de Régimen Rectoral General para adecuar las especificidades del derecho al voto de los españoles residentes en el exterior con la garantía democrática que representa el sistema de voto en urna, apoyado en la administración consular, así como el ejercicio del voto por correo con todas las garantías, la regulación de las campañas electorales y la previsión de depuración del censo de electoras y electores residentes en el exterior.

Considerando la importancia de esta iniciativa, el Grupo Municipal Popular somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- El Ayuntamiento de Ribadeo insta a los Grupos Parlamentarios de las Cortes Generales para que, con carácter de urgencia, aprueben la Proposición de Ley Orgánica de modificación de a Ley Orgánica 5 de 19 de julio, del Régimen Electoral General, presentada por el Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar la homogeneización del procedimiento de voto de las personas residentes en el exterior con el resto de la ciudadanía, en los términos que se expresan en la misma.

SEGUNDO.- Instar al Gobierno para que proceda a tomar cuantas medidas sean necesarias para que, una vez aprobada la reforma de la Ley, se de cumplimiento con carácter de urgencia al contenido de la referida reforma de la Ley Orgánica Electoral General.

TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos a los Portavoces Parlamentarios en la Subcomisión sobre las posibles modificaciones del Régimen Electoral (Comisión Constitucional) del Congreso de los Diputados.”

O Sr.Rodríguez Andina comeza a súa intervención manifestando que de xeito sucinto quere agradecer que lle traigan esta Moción á sesión pero que lle agradecerían tamén ao Alcalde que trouxera algunha outra que probablemente a día de hoxe é mais urxente porque a fin de contas esto que piden xa non vai poder estar resolto para as eleccións europeas e as outras polo menos nun par de anos non vai voltar a habelas, pero sen embargo unha como pode ser a do aforro económico nos orzamentos municipais, dos que todavían descoñecen a súa existencia e cando os van aprobar, eso sería mais urxente porque sería para este ano, pero que estando donde están tamén lle parece ben que se lles permita defender esta moción e moito mais nestas datas; que quere pensar en primeiro lugar que esta proposta vai contar con bastantes adhesións á vista de como funciona o voto do exterior, e que non lle está votando a ninguén a culpa de como funciona e tal como é non van quedar sos na defensa desta proposta e que o interior funciona cunha normativa estricta e o exterior funciona como funciona, e que agarda que non sexa que a traen aquí dicindo que como agora vai gobernar o Partido Popular a ver se a seguen defendendo e que efectivamente a van seguir defendendo, coa mesma enerxía que antes de gobernar e polo tanto lle segue valendo a moción e reitera a seguen defendendo.

O Sr.Rodríguez Andina procede á lectura da parte dispositiva da Moción diante do Pleno municipal e explicando a continuación que pouco mais pode dicir porque está de recente memoria e que cada un exprese a súa opinión.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI, pola súa parte manifesta que lles agrada que as mocións que presentan o Grupo veñan ao Pleno e fai referencia a que hai algunha Moción mais do Grupo de UPRI que debería ter sido levada ao Pleno, como a relativa á páx. web municipal, e que non teñen, nembargantes, inconvinte en apoiar esta Moción, e xa que do que se trata é de que o proceso electoral dos residentes no exterior sexa controlado dunha maneira similar á do interior, porque vai ser signo de avance democrático e do principio dun ciudadano, un voto.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, manifesta que van ser benévolos con esta Moción que é tipo, e que entenden que o Partido Popular durante 16 anos do goberno Fraga, e 8 do goberno Aznar, puido ter solucionado esta cuestión, que é agora tan urxente, aínda que é agora un pouco menos urxente que fai unhas semanas, pero o Grupo Municipal Socialista vaise abster, e que decida o Pleno que quere facer con esa Moción do PP.

Intervén a continuación o Sr.Alcalde que sinala que se trata dun asunto que distende a sesión e que comparte en parte, todos os argumentos que se teñen dado, e que vai empezar polo que dixo o Sr.Rivas Alvarez, xa que efectivamente cada cidadán é un voto, cada cidadán vivo, e respecto ao dito polo Sr.Pérez Vacas tamén ten razón, e que vaia por diante que o BNG vai votar a favor da Moción, como non podería ser doutra maneira pero probablemente se demorou quince días aínda que sexa para instar ao goberno do Estado pero o Partido Popular chega 16 anos tarde coa Moción, e fai referencia ás sacas enteiras e a papeis en branco que dicían “voto por Fraga” e iso computábase como voto válido e foi un escándalo e sempre cando hai eleccións se vota a maquinaria do goberno do Estado, e que iso non pasa nin nun país africano actualmente, e que o BNG sempre leva defendido e lamenta que o PP se acorde agora porque non goberna en Madrid e o PSOE o pedía cando era oposición e non o fixo cando era goberno, con disculpas para gañar tempo, e que a crítica do BNG non vai para deslucir e que van apoiar a Moción, porque parece que está calcada do que levan dicindo dende hai 16 anos.

O Sr.Rodríguez Andina, pola súa parte manifesta que a isto xa están acostumbrados e que xa o dicía ao principio, para que ninguén lle botara a culpa, xa que sempre hai que botarlle a culpa a alguén, e que está cantado, e que efectivamente o Partido Popular gobernou en Galicia durante 16 anos pero o Sr.Alcalde acaba de dicir que é un tema de Goberno Central e polo tanto para esa modificación tería que ter estado o Partido Popular 16 anos en Madrid e nun coinciden eses períodos cos intereses partidistas, e resulta que tanto o PSOE como o BNG durante eses 16 anos estiveron contantemente dicindo que había que reformalo, e se en lugar doutras cousas que non vai a nomear co ánimo de distensión co que están, se adicaran a facer o que tanto interese tiñan en que fixeran os demais a estas alturas estaría resolto, pero non lle puxeron interese porque non o resolveron e como non o resolveron nos últimos catro anos acórdanse dos 16 anteriores do Partido Popular, e reitera que tiveron a oportunidade durante catro anos.

Manifesta tamén que a Moción foi presentada o 24 de novembro de 2008 e que o Partido Popular mantén o criterio despois das eleccións autonómicas e outros Grupos igual sí ou igual non ou van cambiando segundo vaia a feira.

Volta a facer mención o Sr.Rodríguez Andina a que o PSOE e o BNG gobernaron xuntos durante 4 anos, do mesmo xeito que no Concello aínda que agora pareza que non.

Por parte do Sr.Alcalde se replica que de todas as maneiras a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral é unha lei estatal e non formaban parte do goberno co PSOE en Madrid e a súa correlación de forzas dista de formar un goberno de coalición en Madrid, e a responsabilidade polo tanto é do goberno actual e non foi pola intención en diversos

governos de que se regulara o voto exterior sobre todo para os galegos porque foron quen mais emigrrou e non hai outro territorio do Estado donde o 30 ou 40 % do censo, sexan emigrantes, que pouca vinculación ten co país.

O Sr.Castro Reigosa, pola súa parte dí que o BNG donde tiña que facelo que é en Madrid non deixou en ningún momento de reclamar a normalización e a lexislación do voto emigrante nin nos catro anos anteriores, nin nos oito anteriores, nin nos vinte e foi permanentemente esixido dun xeito moito mais amplo do que se ten dito neste Pleno.

Fai referencia a que a Moción do Grupo Popular é tipo, xenérica, que pouco dí a parte da necesidade; e que hai paradoxas como que votan os netos dos que emigraon hai 50 anos e un paisano que se marchou para Cataluña hai quince días e cambiou de empadroamento non pode votar.

O Sr.Rodríguez Andina, pola súa parte replica que se ben non formaron goberno de coalición en Madrid o PSOE e o BNG pregunta cantos anos presumiron de que saían os presupostos gracias ao apoio do BNG porque era bos para Galicia e nesas negociacións que facían podían incluílo, pero é un tema menor, e insistiron no Congreso dos Deputados pero tiñan armas en determinados momentos para ter insistido con forza e non as usaron para isto; e respecto ao que lle dí o Sr.Castro Reigosa sobre o de Moción tipo, pois claro que sí, e que pouco mais lle pode dicir a Moción xa que é unha necesidade evidente e plantexa que se corrixa e se quere lle poñen flores.

O Sr.Castro Reigosa dí que hai mais cousas que regular que o voto en furna.

O Sr.Alcalde dí que quere rematar él a intervención e que poideron facer mais os membros do BNG cos seus dous Deputados, e se chegan a ter sete coménse o mundo pero teñen o que teñen porque o pobo quixo e traballará para conseguir mais influencia e para que Galicia estea representada, porque dín o mesmo aquí que en Madrid, e que os gobernos dos Partidos estatais din o que din, en función da súa conxuntura.

De seguido por dez votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP, e UPRI) e con tres abstencións (dos membros do Grupo Socialista), acórdase prestar aprobación a Moción nos termos da mesma e subseguintemente acorda:

PRIMEIRO.- O Concello de Ribadeo insta aos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais para que, con carácter de urxencia, aproben a proposición de Lei Orgánica de modificación da Lei Orgánica 5 de 19 de xullo, do Réxime Electoral Xeral, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar a homoxeneización do procedemento do voto das persoas residentes no exterior co resto da cidadanía, nos termos que se expresan na mesma.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno para que proceda a tomar cantas medidas sexan necesarias para que, unha vez aprobada a reforma da Lei, se dea cumprimento con carácter de urxencia ao contido da referida reforma da Lei Orgánica Electoral Xeral.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos aos Portavoces Parlamentarios na Subcomisión sobre as posibles modificacións do Réxime Electoral (Comisión Constitucional) do Congreso dos Deputados.”

9. ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas pendentes da sesión anterior:

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que hai unha serie de rogos e preguntas pendentes da sesión anterior, formuladas polo Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, e que vai proceder a respostalas:

Antena de Santa Cruz.-

En relación á cuestión formulada polo Sr.Alcalde se resposta que contactou verbalmente co persoal de RETEGAL para suxeririlles e pedirilles que procedan ao valado e lle contestaron afirmativamente que en próximos días o farán.

Débedas coa Comunidade de Montes en Man Común de Ove

Polo Sr.Alcalde se cede a palabra ao Sr.Concelleiro Delegado de Economía e Facenda don Vicente Castro Reigosa que contesta que non ten o informe de Intervención porque non estaba a persoa que desempeña o posto, e que llo recordou a semana pasada pero que pode contestar sobre datos recabados hoxe e a débeda segundo a contabilidade é de 6.000 euros coa Asociación referida e concretamente son 3.000 euros do ano 2004 a Manuel Corral por traballos realizados coa pala e outra do ano 2005 tamén a Manuel Corral que entra no recoñecemento extraxudicial do 2009, e no ano 2006 a Construcciones Coto por traballos no aparcamento de Santa Cruz, e no ano 2007 a Antonio Rodríguez e no ano 2008 non hai facturas presentadas dos traballos realizados. Prosegue sinalando o Sr.Concelleiro que non sabe se con isto se da por contestada a pregunta.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte dí que agarda que veña a persoa responsable de Intervención e en todo caso que lle pasen o informe por escrito.

O Sr.Castro Reigosa pola súa parte reitera que como non hai informe pode dar esta información e o Sr.Rivas Alvarez, sinala que comprende a situación e non lle importa agardar que se faga o informe.

Consignación de 30.000 € para accesos a viviendas no Presupuesto de 2008

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que tamén en conversas coa Interventora da que non ten formalmente a súa contestación neste momento, pero que as partidas que se consignan nos presupostos e non se executan no ano 2008 é obvio e evidente que rematan o seu compromiso a 31 de decembro do ano, e polo tanto non se pode facer nada a ese respecto; que de todas as maneiras a Sra.Interventora, cre que nalgún órgano colexiado, e senon a nivel verbal coa Alcaldía, mantivo serias dúbidas de legalidade da operativa e que incluso chegou a pedir un informe externo a un organismo e consideran que ese programa tiña serias dúbidas de legalidade de ser aplicado hoxe en día, e en todo caso non ten ningún problema en pedirlle un informe conciso á Interventora sobre este particular.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte dí que de todos os xeitos cun deses Decretos que fai o Alcalde contra os reparos supón que se solucionarán.

O Sr.Alcalde pola súa parte lle dí que esa é a resposta que lle da (en relación á súa intervención anterior).

De seguido pasa o Sr.Alcalde a contestar as preguntas pendentes da sesión anterior formuladas polo Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista:

Obras pendentes de remate na estrada do cemiterio

O Sr.Alcalde resposta que as obras referidas non levaban un ano pero levaban bastante tempo pendentes e actualmente están traballando para poñer as bases para a instalación das farolas e que non sabe se é a iso a que se refería o Sr.Pérez Vacas sobre o Cemiterio.

O Sr.Pérez Vacas manifesta que sí se refería a iso pero xa lle contestaron no anterior Pleno que estaban traballando o que non era certo e non sabe se o están agora.

O Sr.Alcalde pola súa parte lle contesta que dí que hoxe preguntou para cerciorarse antes de vir a Pleno, e dixeronlle os técnicos que estaban actuando.

O Sr.Alcalde manifesta que o resto son rogos e non sabe se hai algunha pregunta pendente.

Pregunta sobre turistas de América do Sur.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez, se manifesta que hai unha pregunta sen contestar que fixo xa fai tres Plenos, e que era cantos turistas viñeron de América do Sur e en concreto do Uruguay.

O Sr.Alcalde contesta que lle dixo varias veces ao Concelleiro preguntante que lle ía remitir os datos pero non sabe se o pediu, pero que non ten ningún problema en darlle a relación dos que foron os turistas da época estival porque foi público e incluso deu unha rolda de prensa ao respecto, e que sabe por donde vai a pregunta do Sr.Rivas Alvarez.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte manifesta que non dubida de que se fixera unha rolda de prensa, pero que ten unha pregunta sen contestar e se lle dixo noutro Pleno que se lle contestaría por escrito, e volta a reiterala e pide que se lle conteste por escrito.

O Sr.Alcalde contesta que vaille mandar o contido íntegro da nota de prensa e o Sr.Rivas Alvarez lle replica que pode mandala, pero que non lle contesta á pregunta.

Rogos e preguntas novos.-

Rogos e preguntas do Grupo Municipal de UPRI.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se sinala que na pasada Campaña electoral colocáronse pancartas antes dos días propios da Campaña electoral dos dous principais Grupos políticos con representación, e pregunta se se fixo algún expediente de incumprimento da Ordenanza municipal reguladora de Medio Ambiente, se se abriu algún expediente ou se fixo algún informe.

O Sr.Alcalde lle contesta que é unha cousa que lle molesta o do dos dous grandes Grupos e Sr.Rivas Alvarez precisa que se refire a representativos e o Sr.Alcalde lle replica que non sabe a quen quere deixar fora.

O Sr.Alcalde contesta á pregunta dicindo que nas farolas as bandeiras póñense coa autorización da Xunta Electoral de Zona, e sistemáticamente cre que dende as primeiras eleccións democráticas se excede o número de farolas que se autoriza pola Xunta Electoral, por todos os Partidos, e que recordará o Sr.Rivas Alvarez de cando formaba parte dun grupo grande que seguro que tamén se excedían.

O Sr.Concelleiro interpelado resposta que non se refire a que se excedan, que lle da igual, pero que o que quere é que se cumpra a Ordenanza municipal, que dí que unicamente se poden colocar os quince días da campaña electoral, e que non teñen porque estar os veciños de Ribadeo un mes antes con elas.

Pola súa parte o Sr.Alcalde lle contesta que como xa sabe por donde ven o Sr.Rivas Alvarez, xa que non se presenta de momento ás Autonómicas cre recordar que durante a campaña electoral das municipais houbo un determinado grupo que tivo mais publicidade que o resto dos grupos xuntos, e que non sabe de donde lle viñan os cartos e que estaban cunhos megáfonos incumprindo sistemáticamente a Ordenanza acústica e que cre que convenceu a moita xente a base de bombardealos con decibelios, e que parecían discotecas móbiles andantes, e non decía nada o Sr.Rivas Alvarez.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte manifesta que como representante municipal naquel momento lle podía ter aberto un expediente, contestando o Sr.Alcalde que daquela non era Alcalde senon Tenente de Alcalde e o Sr.Rivas Alvarez á súa vez lle dí que levaba parte do goberno e podía ter indicado ao seu socio (en referencia ao Sr.Pérez Vacas) e que os votos non os comprou UPRi coa megafonía, senon que son votos da xente e iso merece un respecto e non a mofa.

O Sr.Rivas Alvarez sinala que o que lle pregunta ao Alcalde é se abriu algún expediente por este asunto, e lle dí que non e dí que segue habendo carteis colgados nas farolas, e pide que se retiren e tamén os que hai pegados en lugares non autorizados, como rotondas e demais, marquesiñas, etc. etc. e que se faga respectar a Lei, que as leis son todas para respectar e pide que se respecten todas e que é o rogo que formula.

O Sr.Alcalde lle contesta que acepta o rogo porque efectivamente despois da campaña habia pancartas de varios grupos entre os que se incluía o BNG e que en todo caso sabe que depende das empresas de publicidade de cada grupo político, pero non ten ningún problema en indicarlles que o retiren.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez sinalando que non sabe en que situación está, porque viu varios gastos de reparación do Polideportivo municipal (en referencia ao Polideportivo vello) pero o exterior deixa bastante que desexar e pregunta se non hai maneira de que se poida pintar ou adecentar, porque aquilo parece outra cousa mais cun Polideportivo e, ou que se faga un graffiti en todo ou que se repare, en parte polo menos.

Contesta o Sr.Castro Reigosa, como Concelleiro Delegado de Deportes, que se acepta o rogo, pero o Pavillón Polideportivo vello da Avda. De Luarca está pendente da sinatura dun convenio para reforma do mesmo, e que entón poñerse a gastar agora non lle parece axeitado, e que está o proxecto en redacción e cando dispoñan del asinarán un convenio.

Asimesmo o Sr.Rivas Alvarez sinala que segue habendo todos os venres unha partida de periódicos importante na porta do Concello e que xa preguntou por eles e volta a preguntar quen paga eses periódicos, e o Sr.Alcalde lle contesta que o Concello non, en absoluto e cerciorouse e non sabe.

Tamén o Sr.Rivas Alvarez, pregunta sobre o presuposto do ano 2009, e se hai día para ter a Comisión informativa do presuposto e tamén quere preguntar se os Grupos se lles permitirá facer aportacións para a elaboración do mesmo ou en todo caso se xa se podían presentar, ou ter presentado.

Por parte do Sr.Castro Reigosa se contesta que non hai data concreta pero que será pronto, e que en canto ás propostas dos demais Grupos evidentemente como no exercicio anterior presentábase unha proposta, pero tamén quere engadir que o presuposto está practicamente redactado, e que leva así mais de dous meses pero as

limitacións da coxuntura económica e da municipal, quere advertir que limitarán moito as inversións.

Por parte do Sr.Alcalde asimesmo se resposta que de todos os xeitos xa o ano pasado se presentou o presuposto na Comisión informativa, e quedou aberto ás aportacións dos diferentes grupos, e que voltará a ser este ano outra vez igual.

A continuación por parte do Sr. Reymondez Gancedo de UPRI se formula un rogo respecto aos veciños e veciñas que están nos pisos de acollida e manifesta que escoitou queixas respecto á comida preparada, e foi a visitalos, e non ten dúbida da calidade sanitaria pero sí respecto ao sabor e á presentación, que moitos veciños xa non comen alí, e outros fan a cea pero a mediodía xantan fora e que formula o rogo de se pode verse a forma de que se volte á comida convencional e co persoal do Concello que non incrementa os custos.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que xa lle teñen manifestado esa cuestión e que dubida moito mais de que a comida non sexa correcta, cando está avalada por nutricionistas, por médicos e por un montón de profesionais e ten que dicir que esa comida está subministrada por unha empresa e que o Concello tivo unha experiencia piloto e despois a Vicepresidencia estendeu o servizo e actualmente se daba nunha serie de Concellos, e a finais de ano a intención era que fora en todo o territorio galego e non sabe se vai ser así ou non.

Prosegue contestando o Sr.Alcalde que, no que atinxe a Ribadeo, segundo os informes do Asistente Social son 40 persoas usuarias, e se deron de baixa dúas porque non lles gustaba aínda que lle deron queixas sobre algún sabor, e que considera unha ofensa respecto aos demais usuarios do servizo que lles haxa que facer un menú especial aos do piso tutelado, e que respecto ao piso tutelado lle parece unha demagogia enorme que se utilice de xeito destructivo, e que non quere dicir que non poida haber algún plato que non lles guste, e que quizais a xente maior non está acostumada, por exemplo a xantar carne de hamburguesa ou albóndigas, pero había xente que lle gustaba xantar patacas fritas sen mais e iso é o que a un lle gusta e o Sr.Alcalde pon o exemplo do seu fillo ao que non lle gusta a verdura pero que ten que comela igual, e entón cre que moitas veces por determinados afáns poden caer en facer cousas á carta cando hai determinados casos que se poden corrixir, e igual se trata de determinada comida que lle parece á xente nova e non aos maiores, e que a xente maior ao mellor está contenta de xantar leite con galletas, e non pode ser, e ten que tomar outro tipo de alimentación.

Prosegue respostando o Sr.Alcalde que é certo que no piso tutelado hai xente que vai comer fora e tamén o facía antes, e non se dí que tamén hai xente que quizais non está en pleno uso das súas facultades, e igual vai xantar a saída dun bar ou está rebuscando no lixo cando non lle fai falta, e o Alcalde e o goberno que sexa non o pode evitar e entre todas as cousas se poden matizar e non é verdade absoluta pero confía nesa empresa e ademais agora non se está levando directamente dende o Concello senon dende o Consorcio segundo cre e polo tanto non lle acepta rescindir ese servizo, porque é o mesmo que está no Centro de Día e non lle parece unha incongruencia e o están disfrutando unos corenta veciños de Ribadeo.

O Sr.Reymondez Gancedo pola súa parte dí ao Sr.Alcalde que tampouco é o seu interese rescindir, senon simplemente que ás veces se necesitan un tipo de platos mais convencionais, e que sen dubidar da calidade, que xa o dixo antes, nin sanitaria nin da outra, a xente maior ao mellor non comprende ben eses sabores, e habendo persoal alí pode prepararlos e poñendo o exemplo dun plato de callos ou dun caldo.

Por parte do Sr.Alcalde se ironiza respecto a que un plato de callos aos 70 anos pode non sentarlles ben, e o Sr. Reymondez Gancedo dí que pode ser unha sopa.

Prosegue intervindo o Sr.Alcalde que sinala que se pregunta se a Corporación pode dicir soberanamente o que lle veña en gaña pero lle parece perigoso estar dicindo o que debe comer a xente maior e que se non dimiten como Concelleiros e se poñen como cociñeiros, e que non é ese o seu "rol".

O Sr.Reymondez Gancedo dí que o Sr.Alcalde está aceptando que ata que veu esa empresa comíase mal alí.

Por parte do Sr.Alcalde se sinala que él non esta dicindo nada e que cre que o servicio está funcionando ben e polas conversas que tivo con algunha das persoas lle dicían cousas que eran incongruentes, e que primeiro estaba seca a pasta, pero logo tiña moita salsa de tomate, é dicir cousas incongruentes, e que pode haber determinados matices respecto ao menú que se pode suxerir e que diante dunha técnica de alí chamaron á empresa, e lle suxeriron unhas cousas que deberán ter en conta e quedaron neso e non sabe se o cumpriron, e non hai ningún problema en mirar se iso é así ou non, pero diso a que dende o Concello se diga que comida van facer hai unha distancia e para iso estan sendo avaliados pola Xunta.

O Sr.Reymondez Gancedo dí que non era esa a súa intención e o Sr.Alcalde dí que tampouco, e o Sr.Reymondez Gancedo dí que se vai ao piso tutelado, se preocupa diste caso sen facer demagogia algunha.

A continuación o Sr.Reymondez Gancedo pregunta respecto a unhas bandas rugosas de cemento que hía na zona de Vilaframil bastante altas e donde unha moto pode caer e pregunta se cumpren a normativa ese tipo de bandas rugosas, e que os veciños se queixan delas.

O Sr.Alcalde contesta que non o sabe porque non contrata a Inveco para que lle faga probas dese tipo e no seu momento unha serie de veciños, polo perigo da velocidade dos coches suxeriron que se puxeran unhas bandas rugosas e se deu instrucións á brigada municipal de obras, que co seu mellor criterio executou esas estruturas de cemento e non sabe se cumpren a normativa, pero cre que esa é unha normativa para as estradas de ámbito estatal, e non sabe se é de obrigado cumprimento para os Concellos, cuestión que mirará e se fora de obrigado cumprimento terá que adaptarse á normativa.

O Sr.Reymondez Gancedo pola súa parte dí que simplemente traslada as queixas dunhos veciños da zona e dí que un rompeu a moto, e outro tivo un problema e non se mete se pasaban a mais velocidade, pero que é así.

O Sr.Alcalde pola súa parte lle di que ao mellor ten razón pero que cando como froito dun rogo se puxeron esas bandas, no paseo marítimo, o propio Alcalde case deixa os baixos nun deles porque ía pensando noutra cousa e non ía habituado a iso, e que a partir dese momento pasa por alí a vinte por hora.

O Sr.Reymondez Gancedo formula un rogo respecto á rúa Luz Pozo Garza e sinala que ten moitos baches e se se poden mirar e arranxar, e o Sr.Alcalde contesta que sí, e que é por unha moi deficiente execución da obra.

A continuación o Sr.Reymondez Gancedo pasa a referirse ás queixas por excrementos de cans nas zonas de Recarey e San Lázaro e pregunta se se está a limpar. O Sr.Alcalde lle contesta que ten razón, e que o goberno municipal terá culpa de todo, e que se ditan bandos son blandos e que se o seu compañeiro de Medio Ambiente (en referencia ao Sr.Cupeiro Rodriguez) dí que van a multar resulta que son mui duros e que se combate con educación, pero que pouco se pode facer se o dono do can non o fai, e refire a experiencia persoal do Sr.Alcalde de que fai tres días no propio parque diante del unha persoa cun can lle permitiu ao animal que fixera de todo, e acabou e lle dixo ao can cando rematou que se fora, diante do Alcalde, e que cre que poden apelar ao que queiran e poden converter a brigada de Policía en husmeadora de onde están os cans, pero nunca se conseguiu, e cando veña outro goberno, pensa que os excrementos dos cans van seguir aquí.

Asimesmo o Sr.Alcalde manifesta que hai determinadas horas en que se produce e que pola súa parte ditou un bando e fíxose unha nota de prensa e hai un certo temor pasaxeiro pero que pasados unhas horas se relaxa todo e pregunta aos membros da Corporación se teñen algunha idea porque en Ribadeo hai contenedores para cans pero iso non o fai so o can e hai que ir cunha bolsa e tiralo no contenedor e iso depende da educación dos donos dos cans, e ademais hai moitos cans que andan ceibos, pero que lle acepta o rogo e intentará que se mellore e que non é por dicirle que non, pero é difícil que se poida cumprir.

Formula asimesmo un novo rogo o Sr.Reymondez Gancedo respecto a que na Travesía de Alimerka hacia o parque de Indianos no paso intermedio existente que non sabe se ten nome ou non se se pode reparar agora que se abriu o Parque de Indianos.

O Sr.Alcalde manifesta que toma nota.

Tamen formula o Sr.Reymondez Gancedo un rogo ou pregunta de se sería posible aumentar o número de contenedores de aceite doméstico, porque teñen boa acollida e se pode poñer algún mais.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado contesta que en vez de tres vanse poñer catro, pero do que se trata é de buscar a fonte de financiación e que o Concello non poña unha peseta que é o que lograron conseguir e entón se son

capaces de conquistar que haxa algunha empresa mais que axude a financiar iso poñen a cantidade que sexa necesaria , pero ata agora non sabe a cantidade que será precisa nin a periodicidade con que teña que facerse , porque non poden saber se hai que poñer mais ou non, e se o señor Reymondez Gancedo sabe mais que o Concelleiro delegado no uso da palabra, e reitera que de momento non se sabe se hai mais necesidades e haberá que agardar.

Formula o Sr.Reymondez Gancedo un novo rogo respecto a unha rúa que sae de Cartoy en dirección ao Cargadoiro á esquerda, sinalando que á dereita se puxo un espello para poder ver e á esquerda hai unos terreos que cre que foron expropiados por Fomento pero que está todo moi tapado e pechado, e se podería dar orde a Fomento de abrir un pouco aquilo pola seguridade da saída. Deliberase sobre a cuestión explicando o Sr.Concelleiro que é na baixada de Talleres Cartoy e fai referencia o Sr.Alcalde a qe houbo unha proposta dunha Asociación sobre o particular.

Formula unha pregunta o mesmo Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo de se puxeron a disposición da Xunta os terreos da depuradora constatándose polo Sr.Alcalde que aínda non, que tiveron unha reunión cos propietarios o venres, precisamente, para axilizar o pago das expropiacións, segundo acordo plenario e a renglón seguido poñer os terreos a disposición de Augas de Galicia, para que proceda a executar a depuradora polo que contan que nos próximos tempos poidan poñelo a disposición de maneira inminente.

Formula tamén o rogo o Sr.Reymondez Gancedo respecto a que no cruce da rúa Paco Lanza donde están as vivendas dos profesores hai unhas baches tremendas e por evitar os baches ninguén cumpre os Stops e pide se se puidera tapar eses baches e amañalo un pouco.

O Sr.Alcalde contesta que están agardando a licitar toda esa obra grande para aproveitar e se ven que iso se vai demorar mandarán tapalo, pero era para evitar un gasto adicional e como mellora de obra pode facerse dentro da outra, arranxando toda aquela zona.

O Sr.Reymondez Gancedo dí asimesmo que xa que se está tratando de bacheos, no cruce de Ramón González con San Lázaro e Deputación, hai unha serie de baches sen arranxar e o Sr.Alcalde di que efectivamente donde está o Muiño existen e que o día 13, venres, pechouse o prazo de presentación de proposicións na S.A. de Xestión do Xacobeo para adxudicar a obra e provisionalmente botouse un pouco de formigón e de zahorra e hai que levantalo e poñelo de novo, pero non queren facelo pola obra que se vai realizar, e a obra ten que continuar despois dunha longa tramitación e diversas cuestións que houbo polo medio durante un ano, abriuse o prazo de licitación, se pechou, se presentaron as propostas e non sabe se a S.A. de Xestión lle dará tempo neste goberno en funcións ou será o próximo que terá que adxudicalo, e que en todo caso ten razón e mañá dará instrucións para que de maneira precaria tapen un bache existente, que tamen o sufriu o Alcalde.

Preguntas do Grupo Municipal Socialista.-

Intervén o Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista que formula un rogo ao Sr.Concelleiro de Medio Ambiente de que se extremase un pouco a limpeza na rúa Méndez San Julián, final de Ibañez e entorno do mirador de Cabanela hacia Ibañez porque é necesario que se efectúe en toda esa zona.

Asimesmo se formula outro rogo respecto ao edificio en obras na rúa San Roque,23 e na beirarrúa que leva un ano ou ano e pico depositado material de obra, incluso sacos de area e cemento que están podres, e agora debe ser a enésima vez que se parou ou a pararon e agora levan mais de 3 semanas sen traballar na obra e precisamente nos baixos hai un negocio que ten na porta e nas fiestras unhos carteis alusivos ás manchas que teñen nos cristais e dí que non é que esten sucios, senon como consecuencia das obras que están facéndose ahí, e que non dan rematado e que sabe que viñeron ao Concello, e que pediron que se liberara a beirarrúa,polo aspecto que da e non se lles fixo caso.

O Sr.Alcalde contesta que non é de todo correcto e o Sr.López Pérez lle dí que ao mellor o Alcalde ten mais información e pide que se atenda esa situación.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que todo aquel que solicita licencia se lle da un prazo para face-las obras aínda que lles disguste e que sexa nun lugar céntrico e teñen un período para facelas pero non lembra cal é para as obras maiores e menores, e hai unhos meses a propietaria do local ou levadora manifestoulle esas queixas e persoalmente poido falar coa propiedade para que adoptara medidas de seguridade de cara a unha especie de valos de madeira e elementos que non estaban correctos e ao mesmo tempo para que sacara todo aquel material, xa que as obras estaban paralizadas e aínda tivo mais que dicir a propiedade da obra , pero ao final aceptou corrixir esa serie de deficiencias, e eliminar eso transitoriamente, e as obras reanudáronse.

Prosegue dicindo o Sr.Alcalde que supon que están pagando ocupación de vía pública, e que o supón, que senon encargarse de miralo e que vaille concede-lo beneficio de que están pagando e que se non, vanlle oír , e que non teñen porque estar tolerando iso encima de molestar aos viandantes.

O Sr.López Pérez roga ao Sr.Alcalde que ordene que os servizos municipais xiren visita e que comprobén como está a situación.

Tamén formula o Sr.López Pérez un rogo respecto a que xa que a tempada estival e a primavera están ahí , e cre que as praias urbanas de Ribadeo se lles debe dar unha atención e que respecto á praia de Os Bloques non sabe se hai obras previstas con Medio Ambiente, pero teme que chegará o verán e estará no estado do verán pasado que non estaba nada ben, ou tamén o anterior e que se lle debe de prestar unha mínima atención.

O Sr.Cupeiro Rodríguez pregunta ao Sr.López Pérez se se refire ao estado da praia ou entorno, e o Sr.López Pérez, dí que ao entorno.

Por parte do Sr.Cupeiro Rodríguez, se sinala que o entorno natural está limpo e estiveron os de TRAGSA limpiando todo fai quince días e deliberase se se está a referir ao entorno cos bancos caídos contra o mar, etc.

O Sr.Alcalde en relación a este asunto sinala que se trata dunha obra pendente dende fai anos , que pasaron varias Corporacións e conta con que no 2009 se liciten e adjudiquen as obras, e que ten a confianza e aínda están en marzo de que se fagan e os terreos foron postos a disposición de Costas hai meses e é un organismo efectivo pero mui lento.

O Sr.López Pérez formula un novo rogo en relación á praia de Rocas que sinala que está moi mal con todo aquilo que caeu e que hai risco de que caiga mais e a xente está empezando a ir a eses areais e pode haber unha desgracia calquera día e xa non limpan a praia.

O Sr.Alcalde contesta que o puxeron en coñecemento do servizo de Costas e o que pasa (en relación a ese Organismo), é que teñen moita precaución, e por exemplo na praia de Os Castros, hai un acantilado que está fendido e a idea que lle suxeriron unha vez a Costas foi porque non aproveitaban para derrubalo e dixeron que non e que se non se quere, que se valle e se impida a entrada ahí que Costas non o vai a tirar, e que isto (en referencia á Praia de Rocas) é unha cousa similar e lles indicaron o do ribazo de pedra e de terra que levou o mar e que quedaron anacos de pedras que hai que retirar e vaise facer manualmente e sobre o resto poden voltar a insistir ao Servizo de Costas, pero ten as súas reservas.

O Sr.López Pérez, pola súa parte formula o rogo de que pide que o miren e leven a cabo a correspondente actuación.

Seguidamente o mesmo Sr.López Pérez, fai referencia a que ten rogos que fixo noutros Plenos anteriores e que non están executados, e pasa a recordalos.

En primeiro lugar o Sr.López Pérez fai referencia a que na entrada de Ribadeo hai unha finca que está con entullos e con resto de materiais de saneamentos, con uralitas, das que todos saben as consecuencias tapadas con lonas e que leva dende polo menos o Pleno de novembro ou setembro e que se atopa na entrada de Ribadeo.

Por parte do Sr.Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Facenda, se manifesta que o habia, e o Sr.López Pérez á súa vez lle contesta que seguen ahí esta tarde, e o Sr.Castro Reigosa dí que iso foi o día anterior e que xa estaba explanado e limpo.

Por parte do Sr.López Pérez, se manifesta que non é esa finca que non é a do "Piano", que é outra finca que hai detrás , esa finca que coñece perfectamente o Sr.Cupeiro Rodríguez.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente contesta que de feito él deu unha orde de limpeza, e respecto ao da uralita quere mencionar que non ten ningún tipo de problema agás que sexa un sitio pechado, polo problema da respiración, e que se está a intemperie non ten problema algún.

Formula unha mención a un segundo rogo o Sr. López Pérez, do Grupo Socialista, que dí que na rua da Casa do Pobo, non sabe se fixeron algún tipo de actuación sobre o que pediu, e cre que non, e que incluso o letreiro que pendía dun poste de teléfonos ou da luz e que o sacaron do seu sitio orixinal segue ahí colgado, e a esa rúa non se lle tocou, e á beira da Casona de Lazúrtegui tampouco se tocou.

Fai mención o Sr.Concelleiro no uso da palabra a unha serie de fincas polas que tamén se interesou en moi mal estado, así como que a estrada do faro non se rebacheou; que incluso que agora que saiu o comentario sobre outra rúa a de Camilo Barcia resulta que a semana pasada unha persoa caeu e rompeu a cadeira nun bache, e non sabe cando van comezar as obras pero convería que se actuase.

O Sr.Alcalde contesta que non está aquí o funcionario que leva contratación pero esas obras se atopan en tramitación. O Sr.López Pérez manifesta que é a título de comentario porque xurdiu esta cuestión.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas que dí que quere facer unha pregunta que vai simplemente unida a un rogo e a pregunta que fai é se o Sr.Alcalde e o B NG formaban parte do goberno que presidiu o Concelleiro no uso da palabra e se a resposta é que si, porque chega a dubidalo, lle rogaría que traiga a Pleno os reparos e requerimentos da Intervención habidos nesa etapa con indicación expresa das delegacións que os ocasionaron, e a que Grupo político se referían.

O Sr.Alcalde contesta que él non ten ningún problema en traer nada de todo iso e que pode empezar por traer as do Convenio colectivo e as das nóminas mensuais, e o Sr. Pérez Vacas lle dí que empece por donde queira pero que as traiga e así xa aclaran a coxuntura económica do Concello, porque vai acabar o mandato e vai seguir sendo responsable o Sr.Pérez Vacas da situación do Concello e así se aclara.

O Sr.Alcalde pola súa parte contesta que non é certo tampouco que sexa responsable dende antes do diluvio universal e que (en relación á situación económica do Concello) están intentando con mais acertos que erros diminuíla, pero é cuestión de tempo.

O Sr.Pérez Vacas pola súa parte contéstalle que o que lle agradece é que se acepta ese rogo lle traiga o que lle pide.

Rogos e preguntas do Partido Popular.-

Intervén en primeiro lugar o Sr.López Penabad, do Grupo Municipal Popular, que pregunta respecto á estrada da costa que vai por Piñeira, Rinlo, etc. e o terreo que está enfrente da piscifactoría, e pregunta quen vai arranxar aquilo que está destrozado.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que neste proxecto que está a exposición pública por parte de Costas, contemplase a rexeneración de todo iso, pero considera inxusto que haxa que agardar ata que Costas o faga, porque entre tramitación do proxecto, materialización, etc. poden pasar un ou varios anos e realmente hai unha fianza, quere crer que a hai, que él non era Alcalde, e hai unha fotocopia de fianza e considera que será operativa porque senon é difícil.

O Sr.López Penabad pide que se arranxe iso.

Formula a continuación a Sra. Sanjurjo Santar, unha cuestión respecto ás obras que hai no entorno do Colexio Sagrado Corazón, donde existen problemas ás horas de entrada, cos coches entón o seu rogo era que se reordenara un pouco o tráfico e a idea proposta era que se puidera abrir agora o tramo de Julio Lazúrtegui para facer dirección única a Estación Vella cara o hotel Balastrera, circulando so nesa dirección e obrigar aos coches que entren por San Roque que baixen, e que saian ou por Picarolas ou pola vía Transversal.

Deliberase incidentalmente entre o Sr.Alcalde e a Sra. Sanjurjo Santar sobre o cambio proposto.

O Sr.Alcalde manifesta que non lle ve problema técnico, pero ten dúbidas respecto ao legal , porque non está entregada a obra e non sabe se a empresa, quere que pasen coches por algo que non está recibido , por posibles responsabilidades se hai algún deterioro, pero non ten ningún problema en comentalo co Xefe da Policía Municipal e coa empresa adxudicataria das obras.

Por parte da Sra.Sanjurjo Santar á sua vez manifestase que hai outras obras en execución como a da rúa Calvo Sotelo en que está entrando todo o mundo para carga e descarga e que ese tramo en obras se está utilizando como se estivera operativo. O Sr.Alcalde pregunta ao Sr.Castro Reigosa se esa obra está certificada, e este resposta que non que o primeiro tramo de Calvo Sotelo sí está certificado, e o tramo de Lazúrtegui a que se refire non está certificado.

O Sr.Alcalde pola súa parte dí que en todo caso non ten ningún problema en falar coa empresa adxudicataria das obras para suxerir lle iso, pero que hai empresas moito mais cuidadosas que outras e non admiten que ninguén lles entre ata que se reciban as obras e que pola súa parte mirará iso.

Por parte da Sra.Sanjurjo Santar, formúlase o rogo de que á beira da Estación Vella se proceda a explanar esa zona para un aparcadoiro temporal, e se pode chegar a facerse comunicalo cunha fotocopia aos usuarios.

O Sr.Alcalde fai referencia a que hai unhas propietarios dese entorno e a ver se prestan a súa conformidade e se a prestan podese explanar iso coa pala municipal e non sería maior problema.

Intervén o Sr.Cupeiro Rodríguez , Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que dí que pode comentar que estivo e está en contacto , dende hai unhas meses, porque lle parece unha auténtica aberración esa situación e leva ahí un montón de tempo, e lóxicamente estivo en contacto con don Edelmiro e lle deron orde que aquilo ten que estar limpo, ou sexa, de forma imperativa e senon van entrar na vía punitiva, para que limpen tanto don Edelmiro como dona María Dolores se é o que se está referindo, e que se lles enviou un escrito aos titulares, que o ten a referida señora dona María Dolores que polo visto é a persoa responsable de xestionar administrativamente todo iso, segundo lle dixeron.

Prosegue sinalando o Sr.Concelleiro Delegado que se lle cursou un documento donde se lle solicitaba que adecentaran aquilo, para poder sacar lavadoras e todo o que hai alí, e comprometeronse a que sí, pero ao día de hoxe está sen facer e hai que tomar cartas no asunto e hai ese caso pero tamén hai mais, e non pode ser como lles apeteza senon con todos.

A Sra.Sanjurjo Santar pola súa parte manifesta que so falaba de facer un aparcamento.

Asimesmo a Sra.Sanjurjo Santar sinala que na estrada Reme-Villamar viñeron antes das eleccións a poñer unhas pegotes de alquitrán, pero a ver se poden vir a reparar todos os baches que deixaron.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que a estrada de Reme-Villamar é de ámbito autonómico, e en catro anos non foron quen de darlle un metro adiante e convidan ao novo goberno, non so a que faga o tramo pendente de Reme a Villamar, se non que lle de unha capa de rego asfáltico a todo.

A Sra.Sanjurjo Santar pola súa parte dí que pode o Sr.Alcalde preparar unha carta para pedilo.

Asimesmo a Sra.Sanjurjo Santar dí que apoiando o sinalado polo Sr. López Pérez, respecto á época estival o ano pasado había en Xuncos e outros lugares problemas para rozar porque non se pediron os permisos de rede natura e demais e que teñen que prepararse para non oír as queixas.

O Sr. Cupeiro Rodríguez pola súa parte como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente contesta que entende que o traballo que se está a facer nesas baixadas cara ao mar e que calquera que vaia pola Costa e que así llo fan constar ao Concelleiro no uso da palabra é que está todo ben, independentemente do tramo de Xuncos aos Castros, e que TRAGSA estivo actuando en todas as baixadas e os carreiros e que pode quedar algo porque non tiveran autorización para facelo, e teñen que pedir anualmente a autorización e que efectivamente así se fará.

Intervén a continuación o Sr. Duarte Díaz que se refire ao cambio de sentido da sinalización de Ribadeo á saída da Ponte dos Santos, pregunta se se fixo algún contacto con Estradas do Estado do Principado respecto ao sinal que marca Castropol e Barres xa que podía poñerse tamén “cambio de sentido” donde pon a dirección a Penarronda xa que o hai.

O Sr. Alcalde pola súa parte contesta que é certo, pero se esqueceu.

O Sr. Duarte Díaz pasa seguidamente a manifestar que apoia tamén o rogo efectuado polo Sr. Reymondez Gancedo relativo ao camiño que vai ao Parque de Indianos que lle parece unha boa proposta.

Manifesta tamén o Sr. Duarte Díaz que ten que dicir que o sábado en San Roque unha persoa maior caeu pola existencia de losetas soltas, e que xa sinalou aquí que o Concello nestas situacións é responsable do pago con tal que o cidadán sufra danos e pide que se mire este asunto coa brigada de obras.

O Sr. Alcalde contesta que non o dubida, e que se se lle dí vai e amaña iso a brigada de obras, e que é unha zona esa rúa, dende que se fixo, que cada pouco se están movendo, e aínda que se mandan pegar de ahí a un tempo houbo queixas, tanto no Pleno como de veciños.

De seguido o Sr. Duarte Díaz fai referencia tamén a que na rúa Rosalía de Castro aínda que sabe que o Concello fai todo o que pode na limpeza viaria, e hai que aplaudir o que está ben feito como é o baldeo das rúas o fin de semana, esta rúa ten unha acumulación de porquería ao longo das beirarrúas, e cando chove é un barrizal e non está a esaxerar, e que se pode sacar incluso cunha pala como froito das obras que se estiveron facendo e un coche que esté aparcado, en dous días está cheo de po, e hai que dicirlllo dalgún xeito á brigada aínda que sexa multiplicar o traballo pero hai que adicarlle un pouco de tempo que é unha rúa principal de Ribadeo, e que hai que poñer unha sinalización como se fai cando se leva a cabo un traslado de mobles, por tramos.

O Sr. Alcalde manifesta que ahí hai unha obra inacabada que leva moito tempo e que provoca po e hai un aparcamento en precario e cando está seco levanta po.

O Sr. Duarte Díaz replica que é ao longo de toda a rúa, e que é unha rúa de setecentos metros.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que dí que ten dous rogos e o primeiro deles é que non é exactamente un rogo ao Alcalde, e se non o levará á Xunta de Portavoces, e que no sucesivo o relativo a Decretos, Rogos e

Preguntas hai que rotar os turnos, senon resulta que os que son o grupo mais representativo da oposición e como son os últimos cando chegan xa falou dos Decretos todo o mundo e nos Rogos e preguntas sucede practicamente o mesmo, co cal queren ter xa non mais pero polo menos a mesma situación de equilibrio respecto aos outros grupos.

E no segundo quere manifestar que non é a primeira vez que lle pide ao Sr. Alcalde e é un rogo que lle fai que por favor faga cumpri-la normativa no que se refire á dación de conta de Resolucións da Alcaldía, porque se todos os Grupos se adican na dación de conta de Decretos da Alcaldía a facer o mesmo, fan o xexún na Casa do Concello, e que persoalmente lle é igual que non se cansa de Plenos pero cre que ninguén o vai chamar antidemocrático, e se compromete, xa que o está pedindo, a apoiar que se cumpra a norma.

O Sr. Alcalde contesta que sabe que tanto neso como nas preguntas que non teñen debate se eternizan nunha serie de debates cruzados que non respostan á pregunta que se quere facer pero aínda que a súa responsabilidade é de cortar, vaise dicir que queren ocultar información, e que non ten nada que ocultar nese sentido.

O Sr. Rodríguez Andina dí que lle bote a culpa a él, que é o que lle está pedindo, e o Sr. Alcalde contesta que intentarán ser mais breves.

E sen mais asuntos que tratar sendo as vintedúas horas e trinta minutos levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,